

OS DETERMINANTES

1. Une cada tipo de determinante coa súa función.

Artigos	●	●	Expresan unha cantidade exacta
Demostrativos	●	●	Presentan persoas, animais ou cousas coñecidas ou descoñecidas
Posesivos	●	●	Indican a quen pertence unha determinada cousa
Numerais cardinais	●	●	Expresan unha cantidade inexacta
Numerais ordinais	●	●	Indican o posto que ocupa alguén ou algo nunha orde
Indefinidos	●	●	Indican a distancia á que se atopa a persoa, animal ou cousa da que se fala

2. Marca os artigos destas oracións.

- A miña avoa Manuela ten uns gatiños moi bonitos.
- Laura é unha rapaza moi intelixente e os seus irmáns tamén.
- O exame de Ciencias Sociais foi moi fácil.
- Seguro que saco un 10.
- As cebras teñen no corpo unhas raias negras.

3. Escribe os demostrativos.

- _____(cerca) conto gústame moito.
- _____(lonxe) botas son grandes.
- Xoguei con _____(cerca) rapaces.
- Collín _____(distancia media) pinzas.
- _____(cerca) mazás están podridas.
- _____(lonxe) bolígrafo é meu.
- _____(cerca) neno chámase Pablo.
- Eu plantei _____(distancia media) árbore.

- _____(lonxe) balóns son de balonmán.
- Vin _____ (distancia media) flor no xardín.

4. Atopa os posesivos destas oracións.

- A miña avoa sempre nos conta as súas historias.
- Os nosos veciños atoparon o teu can na súa horta.
- Os meus rotuladores non son como os seus.
- Na nosa aldea hai unha fonte parecida a esa.

5. Completa coa forma do posesivo que cumpra.

- A _____ (de min) gorra é azul.
- Estes son os _____ (de vós) libros.
- Antón, gústame moito a _____ (de ti) mochila nova.
- O fotógrafo perdera a _____ (del) cámara.
- Se queredes, podedes vir xogar co _____ (de nós) can.
- Adela deixoume as _____ (dela) pinturas.

6. Arrastra os determinantes e clasifícaos na táboa.

- Vimos tres cabalos e algún corzo.
- A miña curmá Marta chegou en primeiro lugar e, en segundo posto, o teu irmán.
- Hai moitas árbores camiño do noso colexio.
- Varios invitados pediron xeados de abelá.

POSESIVOS	NUMERAIS	INDEFINIDOS